



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 3

IX lexislatura

24 de novembro de 2012

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos parlamentarios

1.2. Procedementos especiais de carácter institucional

1.2.1. Investidura

— Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 24 de novembro de 2012, relativa á proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia [14](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

— Acordo da Mesa do Parlamento, do 24 de novembro de 2012, relativo á composición das comisións parlamentarias e da Deputación Permanente [14](#)

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

— Sesión plenaria (día 27 de novembro de 2012, ás 9.30 horas)

[15](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.2. Procedementos especiais de carácter institucional

1.2.1. Investidura

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 24 de novembro de 2012, relativa á proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia

Presidencia

O Estatuto de autonomía de Galicia, no punto 3.º do artigo 15, establece a obriga da Presidencia do Parlamento de iniciar as correspondentes consultas coas forzas políticas representadas na Cámara co obxecto de formular a proposta dun candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

En aplicación do referido precepto e dos artigos 16 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e 136, no seu punto 1.º, do Regulamento do Parlamento de Galicia, logo de consultar as forzas políticas con representación parlamentaria e oída a Mesa, a Presidencia propónlle á Cámara como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia o deputado D. Alberto Núñez Feijóo.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2012

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

Acordo da Mesa do Parlamento, do 24 de novembro de 2012, relativo á composición das comisións parlamentarias e da Deputación Permanente

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 24 de novembro de 2012, oída a Xunta de Portavoces, adoptou o seguinte acordo:

1) Aprobar a composición das comisións parlamentarias e da Deputación Permanente:

- Composición das comisións con representación proporcional: 12 membros.
- Composición da Deputación Permanente: 19 membros e a Presidencia da Cámara.

2) Aprobar a distribución proporcional dos grupos parlamentarios nas comisións e na Deputación Permanente:

a) Comisións de composición proporcional (Comisións: 1.ª, 2.ª, 3.ª, 4.ª, 5.ª, 6.ª, 7.ª, 8.ª, Comisión do Regulamento, de Control da Compañía da RTVG e para as Relacións co Consello de Contas):

- 7 membros do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.
- 3 membros do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.
- 1 membro do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
- 1 membro do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

b) Deputación Permanente:

- 10 membros do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.
- 5 membros do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.
- 2 membros do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
- 2 membros do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

3) Abrir o prazo para que os grupos parlamentarios designen as deputadas e os deputados que se integrarán nas Comisións, 1.ª, 2.ª, 3.ª, 4.ª, 5.ª, 6.ª, 7.ª, 8.ª, do Regulamento,

de Control da Compañía da RTVG, para as Relacións co Consello de Contas, de Peticións, e do Estatuto dos Deputados, así como na Deputación Permanente. O prazo rematará o día 26 de novembro, luns ás 10.00 horas.

4) Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2012

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

— Sesión plenaria (día 27 de novembro de 2012, ás 9.30 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento de Galicia, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 27 de novembro de 2012, ás 9.30 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 24 de novembro de 2012, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único.- Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2012

Pilar Rojo Noguera
Presidenta



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727